



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO CONCELLO DE MUROS PARA O ANO 2025

En Muros, na data da sinatura dixital, a alcaldesa do Concello de Muros, D^a María Lago Lestón, dita a seguinte resolución:

Mediante resolución da Alcaldía núm. 1043/2025, de data 13/11/2025, publicada no taboleiro de anuncios ese mesmo día, procedeuse á concesión provisional das subvencións dirixidas a entidades para a realización de actividades culturais no Concello de Muros para o ano 2025.

Abriuse un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación da resolución provisional no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, para que as entidades solicitantes puidesen comunicar a súa desistencia, presentar unha reformulación ou formular alegacións e emendar erros.

Non se presentou ningunha alegación durante o citado prazo.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a concesión definitiva, en réxime de concorrência competitiva, das subvencións dirixidas a entidades para a realización de actividades culturais no Concello de Muros para o ano 2025, a favor das entidades indicadas e polos importes sinalados a continuación:

ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE	CONCESIÓN	XUSTIFICACIÓN
ADISBISMUR	G15052137	Obradoiro de dinámicas grupais	1.185,00 €	1.777,50 €
AF XIMIELA	G15882954	Obradoiros de música, canto e baile tradicional	1.000,00 €	1.599,60 €
ACRD CABANAS	G70697016	Actividades 2025	885,00 €	1.212,45 €
AC A PONTE VELLA	G70027693	Sábados interxeneracionais	885,00 €	1.159,35 €
AAVV A OSTREIRA	G15396567	Mantemento anual galeón	885,00 €	1.106,25 €
A MAR DE MUROS	G15939127	Actividades para a conservación e difusión do patrimonio marítimo muradán	885,00 €	973,50 €
AF XEITURA	G15771769	Intercambio cultural a outras comunidades	850,00 €	1.614,53 €
A AGROCOVO DE ESTEIRO	G70110713	Actividades de música e baile tradicional	850,00 €	934,73 €
ACDRM RUMIAL	G70230784	Campo de Cortes: Do cea á terra	750,00 €	825,00 €
SC MONTELOURO	G15230220	Aulas de canto coral	750,00 €	1.200,00 €
AMT ABELLEIRA	G75425788	III Foliada Abelleira E.	750,00 €	1.237,50 €
AX D'JARANA	G22868889	Mostra taller bailes urbanos	660,00 €	990,00 €
CORAL DON DIEGO DE MUROS	G15543473	Encontro corais e equipamento para homes	660,00 €	990,00 €



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

SEGUNDO. Dispoñer o gasto das axudas concedidas con cargo á aplicación orzamentaria 334.48000 (Subvencións a entidades culturais) por un importe total de 10.995,00 €, con número de operación habilitado na Intervención municipal.

TERCEIRO. Publicar esta resolución definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, o que se entenderá como notificación ás entidades interesadas, de acordo co artigo 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse alternativamente un recurso de reposición potestativo no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou o acto, ou ben un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, ambos prazos contados a partir do día seguinte ao da notificación. No caso de optar polo recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

En Muros, asinado dixitalmente pola Sra. alcaldesa D^a María Lago Lestón, ante min a secretaria Da. Mónica Freire Dosil.